



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS: CAMPAÑA DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN DA REDE NATURA 2000 EN GALICIA, GRUPO DE TRABALLO DAS RESERVAS DA BIOSFERA EN GALICIA, DIVULGACIÓN DA REDE DE PARQUES NATURAIS DE GALICIA, EXPOSICIÓNS ITINERANTES E ASESORAMENTO E DOCUMENTACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Ana M^a Díaz López, directora xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, habilitada para a formalización deste convenio en virtude de Resolución do 14 de xuño de 2016, de delegación de sinatura da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Doutra parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, en base ao artigo 8 do Título I dos estatutos do Consorcio relativos ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros para a actualización do anterior polo que se creaba o "Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)".

Ambas as dúas partes recoñécense reciprocamente a capacidade e lexitimación necesarias para subscribir o presente convenio, e para tal efecto.

EXPOÑEN

O artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da xea de Galicia que polo seus valores e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiran unha especial atención.

Ao abeiro do anterior promulgáronse os Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, 1234/1983 do 20 de abril, e 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos á comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en virtude do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten as competencias e funcións en materia de información, educación e formación ambiental así como no fomento de programas e accións de concienciación dos cidadáns para garantir o respecto e a mellora do ambiente.

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental (CEIDA) creouse por convenio entre á entón Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros, en data 5 de decembro de 1997, orientado a establecer un marco adecuado para a difusión cultural e intercambio científico entre os distintos organismos asinantes do citado convenio, dende a óptica da defensa e promoción do medio ambiente.

O 22 de setembro de 2000 actualízase o citado convenio a través do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros, e créase para a xestión do mesmo, segundo a súa cláusula terceira, un consorcio, de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O CEIDA ten entre os seus obxectivos fomentar o coñecemento dos valores ambientais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia favorable á conservación e uso sustentable do medio ambiente, a realización de actividades de cualificación de técnicos en educación ambiental, así como colaborar, dentro do seu ámbito actuación.

Na cláusula segunda do convenio de actualización do CEIDA establécese que este poderá completar as actividades desenvolvidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio nas materias de información, formación e educación ambiental.

Á vista do exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o CEIDA, establecen un convenio de mutua colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS



1.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a realización das actuacións contempladas no mesmo: Campaña de formación, sensibilización e divulgación da Rede Natura 2000 en Galicia, Grupo de traballo das Reservas da Biosfera en Galicia, divulgación da Rede de Parques Naturais de Galicia, exposicións itinerantes e asesoramento e documentación do Centro de Documentación Ambiental.

2.- COMPROMISOS DAS PARTES

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asume os seguintes compromisos:

- 
- a) Dirixir e coordinar as actuacións necesarias para a realización das accións obxecto deste convenio.
 - b) Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio.
 - c) Aportar as cantidades previstas na cláusula cuarta.

O CEIDA asume os seguintes compromisos:

Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo I.

3.-COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do presente convenio crearase unha comisión mixta formada por dous representantes de cada unha das partes.

Esta Comisión Mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican a sinatura do convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.

b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.

c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio.

A Comisión Mixta de Seguimento reunirase con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime conveniente convocar.

4.- FINANCIAMENTO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, co fin de facilitar a execución conxunta das accións aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de 56.000,00€, como achega pola realización das accións e gastos en que incorra o CEIDA con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.541B.640.2.

Estas cantidades faranse efectivas, logo da correspondente xustificación segundo se establece na cláusula seguinte, e previa presentación por parte do CEIDA da factura correspondente.

5.- PAGAMENTO

A cantidade achegada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio entregárase ao beneficiario nun único pago, que se realizará previa presentación, por parte do beneficiario, da correspondente factura desagregada por conceptos de gasto, acompañada de seguinte documentación:

1.- Unha memoria xustificativa onde se sinalen as actuacións comprometidas e realizadas.

2.- Unha memoria onde se relacionen os gastos que se imputan á xustificación, así como unha explicación que aclare, de xeito indubidable, a relación do gasto coa actuación obxecto do presente Convenio.

3.- Na xustificación incluíranse os xustificantes dos gastos (facturas) e os xustificantes dos pagos (transferencias bancarias).

Ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente.

Procederá o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida pola Consellería en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

6.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 15 de novembro de 2016.

7.- RELACIÓN LABORAL

A subscripción do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquer outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

8.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do seu clausurado.
- b) O transcurso do tempo sen rematar as actividades acordadas.
- c) Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste Convenio por causas non imputables ás partes.
- d) A denuncia de calquera das partes
- e) O mutuo acordo.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ó reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

9.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1 c do texto Refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Este Convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), e demais normativa de aplicación.

10.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que constan no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

11.- XURISDICIÓN

De conformidade co disposto expresamente no artigo 4.2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, ao presente convenio seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente indicada para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen presentarse para o seu efectivo cumprimento.

As Partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

En proba de conformidade cos termos deste Convenio, as partes comparecentes asinano por triplicado no lugar e data arriba sinalados.

Polo CEIDA
A Presidenta


Beatriz Mato Otero

Pola Consellería de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio
Por delegación
(Resolución do 14 de xuño de 2016)


Ana Mª Díaz López

Campaña de formación, sensibilización e divulgación da Rede Natura 2000 en Galicia

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten aprobado un Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, un instrumento elaborado para a planificación, ordenación e xestión en rede de todos os lugares pertencentes á Rede Natura 2000 galega coa finalidade de asegurar o mantemento ou, se é o caso, o restablecemento a un estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais do anexo I da Directiva 92/43/CEE e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna establecidas nos anexos II, IV, V da Directiva 92/43/CEE e dos hábitats das especies de aves a que se aplica o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE, tendo en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.

Trátase pois de divulgar e dar a coñecer esta ferramenta necesaria para a planificación e xestión dos espazos incluídos na Rede Natura 2000 de Galicia.

Actuacións a desenvolver:

Coordinación da campaña

Deseño do material divulgativo de consulta

Edición e impresión do material

Divulgación dos materiais

Grupo de Traballo das Reservas da Biosfera de Galicia.

Dende o ano 2014, o CEIDA co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, está a potenciar o traballo en rede das 6 Reservas da Biosfera de Galicia, co obxectivo de potenciar a súa identidade e visibilidade así como o desenvolvemento dun traballo conxunto que facilite o logro dos obxectivos individuais e colectivos, fomentar a cooperación e o intercambio de experiencias entre os distintos sectores de cada Reserva e aumentar o coñecemento dos valores das Reservas mediante a educación, formación, sensibilización e a promoción dunha conciencia pública.

Actuacións a desenvolver:

- Coordinación do Grupo de Traballo das Reservas: traballo do CEIDA como punto focal das Reservas da Biosfera de Galicia consistente na coordinación das reunións dos xestores das Reservas, transferencia de información e organización do plan de traballo conxunto.

- Elaboración de contidos, deseño, maquetación e promoción dos materiais divulgativos das Reservas transfronteirizas de Galicia en formato dixital:

- Presentación da Reserva da Biosfera Gerês-Xurés

- Presentación da Reserva da Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Burón

Divulgación dos valores da Rede de Parques Naturais de Galicia

Esta actuación centraríase na posta en valor e a visibilidade da Rede de Parques Naturais de Galicia, áreas naturais que posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos dos que a súa conservación merece unha atención preferente.

Actuacións a desenvolver:

Xornada divulgativa sobre os valores da Rede de Parques Naturais de Galicia:

- Baixa Limia-Serra do Xurés
- Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán
- Fragas do Eume
- Monte Aloia
- O Invernadeiro
- Serra da Enciña da Lastra

- ✓ Coordinación, organización e secretaría da xornada
- ✓ Deseño e impresión de materiais
- ✓ Divulgación da xornada a través da páxina web do CEIDA, dos medios de comunicación e das redes sociais

Exposicións itinerantes

O CEIDA ten entre os seus obxectivos fomentar o coñecemento dos valores ambientais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia favorable á conservación e uso sustentable do medio ambiente. Para acadar este fin conta, entre as súas actividades divulgativas, cun programa de exposicións itinerantes que se ceden gratuitamente a todas aquelas entidades interesadas en recibilas nas súas instalacións.

O CEIDA escolleu este formato itinerante para adaptarse á realidade da poboación galega: a súa extraordinaria dispersión e así poder chegar estas mostras a toda a cidadanía galega.

As exposicións cedidas pola D.X. Conservación da Natureza son: Galicia, Conservando a Natureza, Aves de Galicia e Galicia, Biodiversidade.

Actuacións a desenvolver:

Divulgación a través da páxina web do CEIDA, dos medios de comunicación e das redes sociais da oferta de exposicións itinerantes

Xestión do servizo de préstamo e dos formularios de solicitude e cesión

Asesoramento didáctico ás entidades solicitantes

Deseño e impresión de materiais divulgativos e de apoio ás exposicións

Asesoramento e documentación do Centro de Documentación Ambiental

O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, con sede no CEIDA, é un centro de información especializado na temática ambiental, sendo as súas principais áreas temáticas a Educación Ambiental, a Conservación e o Desenvolvemento Sustentable.

Co obxectivo de proporcionar material documental que sirva de apoio ás accións e contidos do convenio (Rede Natura 2000 e o seu Plan Director, Reservas da Biosfera, Rede de Parques Naturais de Galicia, Conservación e Biodiversidade), o Centro de Documentación do CEIDA porá a disposición das persoas e entidades participantes un conxunto de publicacións e guías naturalísticas dispoñible.

Actuación a desenvolver:

Asesoramento ás entidades solicitantes: Organismos Públicos dependentes da Xunta de Galicia, Entidades locais e Centros Educativos

Elaboración dunha Guía de Recursos Bibliográficos sobre conservación e os espazos protexidos de Galicia (Deseño e maquetación, elaboración de contidos e divulgación)

